



VI XORNADAS MAR POR MEDIO  
**BANDA MUNICIPAL  
DE RIBADEO**

VENRES 14 DE AGOSTO 1998  
9.00 DA NOITE NA IGREXA PARROQUIAL



EXCMO.  
CONCELLO DE RIBADEO

# P R O G R A M A

**A**gás a do orixinal paso-dobre en tres por catro que pecha o programa, escrita por un holandés que emprega unseudónimo español cando escribe música para a península e que realmente se chama Kees Vlak, a música de toda as obras seleccionadas pola **Banda Municipal de Ribadeo** para esta nova clausura de *Mar por médio* foi escrita por compositores ingleses. É o noso tributo musical a tan esgrévios visitantes.

Gustav Holst (1874-1934) sempre gardóu estima polas bandas e orquestras de afeizoados e de estudantes, escribendo para elas obras especiais que non presentasen as dificultades técnicas do gran sinfonismo. A suite *Os Planetas*, sen embargo, non pertence a esta parte da súa creación; o *Andante maestoso* de *Xúpiter* é unha breve pasaxe coa que se atreve a Municipal ribadense e coa que abre o concerto.

Andrew Lloyd Webber é se cadra o máis popular autor de musicais: *Jesus Christ Superstar*, *Cats*, etc. *A pantasma da ópera* leva anos representándose ininterrompidamente en Londres; ofrécese a longa e complexa selección arraxada para banda sinfónica por Johann de Meij. E tamén de Lloyd Webber, o número principal dese outro musical popularísimo que é *Evita: Non chores por min, Arxentina* (arranxo de Ron Sebregts).

John Barry é un dos máis apreciados autores actuais de bandas sonoras para películas, compartindo o estrelato con John Williams, Elmer Bernstein, etc., autores todos moi frecuentados pola Banda ribadense. Tal vez a súa páxina máis coñecida sexa o tema principal de *Memórias de África*, tamén no noso repertorio. Mais para este concerto, todo el máis sinfónico, escollimos a banda sonora de *Bailando con lobos*, na versión de Jay Bocook.

As nosas desculpas perante os seguidores doutras equipas futbolísticas por pecharmos con *El Barça*. Conste que estamos abertos a interpretar paso-dobres adicados a calquer outro clube.

**Xúpiter** (de *Os Planetas*) . . . . . G. Holst

**A pantasma da ópera** . . . . . A. Lloyd Webber

**D'ont cry for me, Argentina** (de *Evita*) . . . . A. Lloyd Webber

**Bailando con lobos** . . . . . John Barry

**El Barça** . . . . . Llano

**Hino inglés**

**Hino galego**

**HERNÁN NAVAL**

Director